



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración dun documental sobre o Galp Costa Sostible **co obxectivo de dar a coñecer o traballo realizado polo Galp e as inversións realizadas no seu ámbito territorial**

Xustificación.-

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020, segundo o convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar na data do 23 de febreiro de 2016.

A actuación do Grupo debe contribuír ao desenvolvemento da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo para o territorio. Co obxecto de por en valor a aplicación deste documento e a misión e os valores do Galp no seu ámbito territorial durante este período de axudas a Xunta Directiva celebrada o pasado 28 de Xaneiro aproba a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración desta peza audiovisual.

O GALP, en tanto que é unha entidade que xestiona fondos públicos – cofinanciados pola Unión Europea – debe realizar as contratacións con suxeición a procedementos que sigan os principios que inspiran a lexislación vixente sobre contratación pública e se axusten aos Regulamentos Comunitarios de aplicación e ás orientacións da Comisión Europea en relación co bo uso dos Fondos e a prevención do fraude.

Ademais, no relativo á contratación, a cláusula sétima do Convenio de Colaboración establece as regras e principios xerais que rexerán en materia de contratación que é desenvolvido por diferentes instrucións ditadas con posterioridade. No intre actual



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

está en vigor a Instrución nº 11 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre os procedementos de contratación dos GALPs.

Obxecto da Asistencia Técnica.

Realización dunha peza documental que poña en valor a misión e os valores do Galp durante a aplicación do seu programa de axudas e as inversións realizadas no seu ámbito territorial. A peza resultante irá sobre todo dirixida a un público institucional. E terá unha duración mínima de vinte minutos.

Serán documentos de referencia para a elaboración deste audiovisual: A EDLP do Galp Costa Sostible, a guía para promotores do Galp Costa Sostible, e o documento Acordando Retos froito das accións do pacto local polo territorio Costeiro Sostible que o Galp ven desenvolvendo no seu territorio, que se poderán descargar nos seguintes enlaces:

[https://costasostible.com/wp-](https://costasostible.com/wp-content/uploads/2021/08/Modificaci%C3%B3n-EDLP.pdf)

[content/uploads/2021/08/Modificaci%C3%B3n-EDLP.pdf](https://costasostible.com/wp-content/uploads/2021/08/Modificaci%C3%B3n-EDLP.pdf)

<https://costasostible.com/wp-content/uploads/2017/01/guia-promotor.pdf>

<https://costasostible.com/wp-content/uploads/2018/03/territorio-costeiro-sostible-acordando-retos.pdf>

Prazo de execución.

A execución desta actividade ten un prazo de seis meses dende o inicio da contratación que deberá ser anterior ao 1 de abril.

Prazo de presentación das ofertas.

O prazo para a presentación de ofertas é de dez días naturais dende a data de publicación destas prescricións e rematará o vindeiro luns 21 de marzo. As propostas presentaranse por correo electrónico no enderezo galp.mar.costasostible@xunta.gal



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)



Contido da oferta.

A oferta deberá incluír:

1. Proposta técnica. Na que deberá especificarse :

- Metodoloxía do traballo
- Estilo Narrativo
- Cronograma de execución do proxecto indicando as datas de realización de cada unha das etapas: Preproducción, Producción e Posproducción.
- Produtos resultantes da asistencia técnica e os seus formatos.
- Oferta económica co IVE desagregado esta deberá incluír todos os gastos necesarios para a realización do documental incluídos dereitos de música e imaxe que poidan xurdir.

Prezo do contrato.

O orzamento máximo de licitación é de 15.000,00 € co IVE non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

Criterios de adxudicación.

A adxudicación realizarase a oferta máis vantaxosa economicamente.

Pago do Prezo:

A efectos do cumprimento de prazos internos do orzamento do Galp Costa Sostible

O prezo da oferta contratada aboarase en dous prazos :

- 50% unha vez elaborado e aprobado pola comisión delegada do Galp o guión definitivo.
- 50% unha vez entregados os produtos resultantes.





Requisitos dos adxudicatarios.

As empresas que remitan a súa oferta deberá acreditar experiencia na realización documentais ou pezas similares especificando na súa oferta a referencia de tres delas para poder proceder á súa consulta.

Obrigas do Adxudicatario.

O adxudicatario queda obrigado a cumprir aos extremos a proposta presentada e valorada.

O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta profesionalidade coa debida dilixencia.

O adxudicatario recoñece expresamente que toda a documentación e traballos realizados, aos que tivera acceso por razón da presentación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade da entidade contratante, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.

O resultado do traballo realizado, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como calquera produto resultante serán propiedade do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.

Os dereitos e obrigacións do contrato resultante non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.

INFORMACIÓN RELATIVA AO TRATAMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O presente punto ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas.

En virtude diso infórmase:





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

- (a) Ten a condición de responsable do tratamento Galp Costa Sostible.
- (b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación coa contratación dunha asistencia técnica para a elaboración dun documental sobre o Galp Costa Sostible Sostible co obxectivo de dar a coñecer o traballo realizado polo Galp e as inversións realizadas no seu ámbito territorial, tendo como base de lexitimación xeral a relación contractual.
- (c) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Galp Costa Sostible con sede na rúa Espírito Santo, 4, 15200 – Noia (A Coruña).

A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es)

Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

En Muros a 11 de marzo de 2022

Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo y
de Pesca (FEMP)